



Punto da orde do día: 5

Informe da intervención de contas de Som Energía

ÍNDICE

1. Contexto e resumo executivo	2
2. Apoio á aprobación das Contas Anuais 2022	2
3. Relación co equipo de Economía e Finanzas e co Consello Reitor	3
4. Contratos e enerxía facturada	4
5. Conta de resultados	5
6. Balance	6
7. Riscos e oportunidades dende o punto de vista financeiro	7
8. Orzamento 2023	9

1. Contexto e resumo executivo

- a) 2022 foi, de novo, un ano complicado, pola volatilidade dos prezos da enerxía e os numerosos cambios normativos.
- b) Algunhas variables da actividade económica evolucionan en sentidos contrarios e merece a pena prestarlles atención: Mentres a enerxía facturada e o número de contratos diminuíron, os ingresos, a marxe e os gastos de explotación aumentaron.
- c) Os incrementos de prezos e da marxe de comercialización xeraron un resultado positivo moi elevado do exercicio.
- d) Xerouse un exceso de tesourería, con previsión dos investimentos e de reserva para eventualidades.
- e) A compra anticipada (no mercado de futuros) da meirande parte da enerxía axuda a fixar tarifas e a preservar a solvencia. Pero, segundo evoluciona o mercado diario, poden resultar máis baratas ou máis caras cás da competencia. Para non depender tanto do mercado de futuros, convén aumentar a produción propia e ofrecer a tarifa variable indexada. Ademais, esta última pode atraer novos cooperativistas.
- f) Concretouse un primeiro *project finance*¹ con Fiare para a planta de Asomada Solar. Con esta fórmula, Som Energia poderá financiar un maior número de proxectos sen comprometer a súa capacidade de endebedamento.
- g) Case o 10 % das persoas socias teñen instalacións fotovoltaicas. Convén seguir impulsándoas, apoiar ás comunidades enerxéticas e axustar a compensación de excedentes. Debe buscarse a fórmula para que este apoio a estas actividades que forman parte da misión da cooperativa, sexa tamén economicamente sostible e sostida nun futuro.

2. Apoio á aprobación das Contas Anuais 2022

O artigo 53 dos Estatutos vixentes de Som Energia define as funcións das persoas escollidas pola Asemblea como interventora de contas. De acordo con el e coas responsabilidades recollidas na lexislación aplicable, emitimos o noso informe sobre a memoria explicativa da xestión da empresa, o balance, a conta de resultados e os outros dous documentos contables que se someten preceptivamente á Asemblea Xeral 2023.

Consideramos que este informe acaba o noso traballo de coñecemento da xestión económica, financeira, patrimonial e contable para dotarnos dunha visión o máis certa posible. A colaboración co equipo de Economía e Finanzas foi fluída. Proporcionóusenos a información requirida a medida que estaba dispoñible, tanto sobre a empresa principal como sobre as participadas. Respondéronnos e explicáronnos as cuestións que formulamos. Celebramos as reunións necesarias para comprender a información con exactitude e para complementala e puidemos manifestar a nosa opinión de xeito libre e independente.

¹ Project finance = Financiamento de grandes proxectos de infraestruturas ou enerxía cuxo investimento inicial é especialmente custoso e o seu período de rendibilización, moi longo. Garántese o pagamento da débeda cuns ingresos moi predecibles e coa propia infraestrutura como garantía.

Analizamos a información proporcionada. Baseándonos no noso coñecemento e criterio, o *balance de situación e a conta de perdas e ganancias do exercicio 2022 de Som Energia S.C.C.L.*, os das sociedades participadas nas que ostenta unha posición dominante e os consolidados do Grup Som Energia reflicten adecuada e fielmente as súas situacións financeiras e patrimoniais e o resultado das operacións efectuadas. As memorias de Som Energia e do Grupo, que forman parte integrante das contas anuais, subministran a información necesaria e suficiente para a súa comprensión.

Polo tanto, **propoñemos aprobar as Contas Anuais do exercicio 2022 presentadas á Asemblea Xeral Ordinaria 2023.**

Como resultado das revisións practicadas durante este exercicio e os anteriores, manifestamos a nosa opinión sobre algúns temas de xestión económica, financeira e patrimonial. Pretendemos complementar (pero non duplicar), por un lado, a auditoría externa e por outro, o informe explicativo elaborado polo equipo de Economía e Finanzas. Por tanto, recomendamos a lectura previa de ambos documentos.

3. Relación co equipo de Economía e Finanzas e co Consello Reitor

- a) Como o 2021, 2022 tamén foi un ano complicado para a cooperativa, pola volatilidade dos prezos da enerxía e os numerosos cambios normativos (no IVE, mecanismo de axuste “tope de gas”, etc.). Felicitamos e agradecemos ao Consello Reitor e ao Equipo Técnico polo seu esforzo e polo resultado positivo da súa xestión.
- b) O Consello Reitor, o equipo de Economía e Finanzas e a Intervención de Contas redactamos un documento interno sobre as funcións deste órgano, a información coa que se debería contar e a súa periodicidade, o calendario de reunións e os informes a emitir. Cando se aplique e se consolide, incorporaríase ao Regulamento de Réxime Interno, previa presentación e eventual aprobación da Asemblea.
- c) Tamén valoramos positivamente que se estea traballando cun calendario definido para incorporar novas ferramentas de xestión no ámbito de Economía e Finanzas. A partir de comezos de 2024, permitirán un mellor control e fiabilidade da operativa.

4. Contratos e enerxía facturada

Antes de comentar a información contable, reflectimos tres datos de especial interese:

Concepto	2022	2021	Variación (%)
Contratos a final de ano	123.400	133.260	-7,4%
MWh facturados	373.044	433.026	-13,9%
Persoas socias	83.765	77.528	8,0%

Por tanto, en 2022 descendeu o número de contratos e, aínda máis, o volume de enerxía facturada. O inquietante descenso de contratos ten tres causas:

- a) Baixas forzadas. Convidase aos 7.439 contratos non vinculados a ningunha persoa asociada (física ou xurídica) a asociarse ou desvincularse. Aproximadamente a metade asóciase e o resto cambian a outra comercializadora.
- b) Peche de formularios (para novos contratos) durante a primeira metade do ano.
- c) Baixas voluntarias, por cambio a outras comercializadoras. Fundamentalmente, por ofertas agresivas de prezos².

Ao respecto, lembrar o imperativo de que as tarifas de Som Energia sexan competitivas no mercado da enerxía verde.

Pola súa parte, o descenso aínda maior no volume de enerxía facturada tería dous compoñentes adicionais:

- a) Unha parte das baixas de contratos corresponde a consumidores non domésticos.
- b) Os contratos de autoconsumo (case 8.000), que reducen a enerxía facturada.

En calquera caso, o descenso en contratos e en enerxía facturada, representan un cambio de tendencia na traxectoria histórica da cooperativa.

En cambio, o número de persoas socias seguiu aumentando, en parte polo convite a asociarse aos contratos non vinculados. Entendemos que se avanzou nun obxectivo desexable: que todos os contratos correspondan a persoas socias, porque todas contribuirían ao capital social obrigatorio.

² Unha veciña dun dos tres membros da Intervención de Contas, que prefire manterse no anonimato, sintetiza este dilema do seguinte xeito: “Eu son unha gran activista, pero teño o peto pequeno”.

5. Conta de resultados

Extraemos e comentamos só os seus aspectos máis relevantes³:

Concepto Importes en millóns de € (M€)	2022 %	2021 %	Var. %	Notas
GWh vendidos	373	433		
Vendas de enerxía	134,22 100%	79,21 100%	69%	
Custo da enerxía (M€)	117,94 -88%	73,92 -93%	60%	
Marxe de comercialización	16,28 12%	5,29 7%	208%	(a)
Marxe en céntimos de € por kWh	4,36	1,22		(b)
Gastos de persoal	-4,57	-3,73		
Gastos de servizos exteriores	-2,13	-1,52		
Total gastos de operacións correntes	-6,70	-5,25	28%	(c)
Resultado operacións correntes	9,58	0,04		
Outros ingresos e gastos	0,23	1,67		(d)
Resultado de explotación	9,81	1,71		
Resultado financeiro (Ingresos - gastos)	-0,68	-0,10		
Resultado antes de impostos	9,13	1,60		
Impostos	-1,81	-0,31		
Resultado despois de impostos	7,32	1,29		(e)

- a) A **marxe de comercialización** aumentou do 7 % ao 12 %.
- b) A **marxe por kWh** facturado case se cuadriplicou.
- c) Os **gastos de operacións correntes** (asimilables a gastos de estrutura da cooperativa) aumentaron un 28 %, en contraste coa diminución no volume da enerxía facturada e no número de contratos. Hai que prestar atención a que os gastos fixos varíen en consonancia cos datos anteriores, sobre todo nas áreas de comercialización e de estrutura. Nun posible escenario futuro, se os prezos da enerxía diminúen a niveis anteriores a 2020, os gastos de estrutura representarían unha maior proporción da marxe comercial (diferenza entre compra e venda de enerxía).
- d) No 2021 cancelouse unha provisión polo imposto de IAE, o que resultou nun beneficio extraordinario.
- e) O elevado **resultado** do exercicio 2022 é consecuencia conxunta do aumento de prezos (134,22 M€) e do aumento no marxe de comercialización (16,28 M€). Este segundo parécenos extraordinario, especialmente nun contexto de subida de prezos, aínda que non foi unha marxe buscada. Os numerosos cambios de tarifa e as flutuacións na demanda provocaron esta desviación do obxectivo.

³ As Contas Anuais 2022 que se someten a aprobación inclúen a conta de resultados completa. Para ter información máis detallada, tamén remitimos ao “Informe explicativo das contas anuais 2022 Som Energía”, preparado polo equipo de Economía e Finanzas.

6. Balance

Extractamos (en millóns de euros) un balance máis comprensible e comentamos os seus aspectos máis relevantes⁴:

ACTIVO - Recursos económicos da cooperativa (en millóns de €)	2022	2021	Dif,
A) ACTIVO LONGO PRAZO ⁵	13,74	14,95	-1,21
Investimentos en plantas de xeración renovable	12,56	13,64	-1,09
Terreo e outros activos inmovilizados a longo prazo	1,19	1,31	-0,13
B) ACTIVO CORRENTE	56,06	39,10	16,96
Cientes (cantidades pendentes de cobramento)	11,64	7,93	3,71
Facenda (cantidades que debe a Som Energia)	3,21	7,98	-4,78
Garantías OMIE e cobertura enerxía futuros	18,19	16,08	2,11
Outros activos correntes (a curto prazo)	1,21	1,20	0,01
Tesourería	21,81	5,90	15,91
TOTAL ACTIVO (A + B)	69,80	54,05	15,75
PATRIMONIO NETO E PASIVO - Orixe dos fondos de onde proceden os recursos do activo (en millóns de €)	2022	2021	Dif.
A) PATRIMONIO NETO (socios/as e actividade da cooperativa)	43,90	33,54	10,36
Capital (socios/as)	31,83	28,79	3,04
Reservas (resultados positivos que se reinvesten)	12,07	4,75	7,32
B) PASIVO NO CORRENTE (longo prazo)	9,41	8,52	0,89
Débedas a longo prazo con Bancos	2,30	2,07	0,23
Débedas con socios (<i>Generation kWh</i> e CSV ⁶ reembolsable)	6,43	6,33	0,10
Fondo de educación, formación e promoción	0,68	0,12	0,56
C) PASIVO CORRIENTE (curto prazo)	16,49	11,99	4,50
Débedas a curto prazo con Bancos	2,88	5,15	-2,27
Provedores	11,23	5,43	5,80
Facenda (cantidades pendentes de pagamento)	2,29	1,32	-0,55
Outros (provisións a curto prazo)	0,09	0,09	-0,01
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)	69,80	54,05	15,75

- a) A **tesourería** (21,81 M€) parécenos avultada, aínda que se xustifica. Esperamos que pronto se aplique a investimentos de xeración e a novos proxectos. Neste sentido, informáronnos de tres previsións:

⁴ Ver nota 2. Aplicamos o mesmo criterio ao Balance.

⁵ Longo prazo enténdese períodos superiores a un ano.

⁶ CSV = Capital Social Voluntario.

- Un plan de investimento en Novos Proxectos, por importe de 5 M€. Cremos que a tesourería actual permitiría un plan de investimento máis ambicioso, aínda que entendemos que atopar proxectos adecuados non é tarefa fácil.
 - Aumentar en 2 M€ os fondos destinados á compra de garantías en coberturas de futuros.
 - Aínda que se prevé unha tendencia xeral á baixa nos prezos, ésta inclúe variacións críticas, que requirirán recursos adicionais para salvar situacións complexas.
- b) O **Patrimonio Neto** (recursos procedentes da base social e como resultado positivo da actividade cooperativa) é máis do 60 % do total do balance, o que aporta seguridade na solvencia e liquidez futuras. De cara a entidades de crédito, non habería problemas en acudir ao endebedamento se a situación o requirise no futuro.

7. Riscos e oportunidades dende o punto de vista financeiro

Como en toda actividade comercial, o aprovisionamento da mercadoría e o seu custo é un aspecto crítico para o desenvolvemento das vendas.

- a) Som Energia merca por anticipado aproximadamente o 80 % da enerxía a comercializar, mediante contratos de futuros⁷ e, en moita menor medida, mediante contratos de compravenda de enerxía coas plantas apropiadas (PPA⁸). Co prezo de compra coñecido, a cooperativa fixa o prezo de venda das súas tarifas. Por unha parte, esta operativa parécenos imprescindible para reducir riscos de solvencia. Por outra parte, esta mesma operativa provoca épocas no que o custo do aprovisionamento de Som Energia estea por debaixo do prezo do mercado diario (como durante o primeiro semestre de 2022) e épocas en que estea por enriba (como durante o segundo semestre). Por iso, nalgúns épocas as tarifas de venda da cooperativa son máis “atractivas” respecto á competencia e outras sono menos.
- b) O 20 % restante de enerxía a comercializar mércase no **mercado diario** (OMIE). Este ano o custo de adquisición foi decrecente no último cuadrimestre. Isto contribuíu a obter un excedente cooperativo⁹ extraordinario, porque as tarifas de venda estaban fixadas en función do custo de aprovisionamento con futuros e con PPA. Vista a alta volatilidade rexistrada nos prezos da enerxía en 2021 e 2022, parécenos oportuno que a cooperativa aplicara un principio de prudencia na actualización dos prezos das súas tarifas.
- c) Som Energia trata de aumentar a **producción propia** para ter tarifas de venda máis estables e predecibles. Ademais, permitiría reducir os custos propios dos contratos de futuros e das garantías depositadas. A cooperativa dispón agora dun equipo de xeración ben dimensionado e dunha estratexia de xeración e financiamento para o período

⁷ Un contrato de futuros compromete ás partes a mercar e vender un ben (no noso caso, enerxía eléctrica) a un prezo pactado nun momento determinado no futuro.

⁸ *Power Purchase Agreements*: contratos nos que as partes se obrigan a comprar e vender a un prezo pactado durante un período predeterminado (normalmente varios anos).

⁹ En terminoloxía de movemento cooperativista, o excedente cooperativo é equivalente a beneficios por operacións correntes.

2023-2026. Animamos a seguir desenvolvendo esta estratexia de xeración, integrándoa coas demais áreas da cooperativa e prestando atención aos posibles escenarios de xeración no sector, á evolución de prezos no mercado e ao seu impacto sobre as actividades de Som Energia.

- d) No **financiamento da produción propia**, o equipo de Economía e Finanzas materializou o primeiro *project finance*¹⁰, aplicado á planta Asomada Solar de Cartagena. Esta planta pertence á sociedade Asomada Solar, S. L. (Participada ao 100 % por Som Energia) e construíuse con financiamento íntegro de Som Energia. Mediante o *project finance*, Fiare Banca Ética financiou directamente a Asomada Solar S. L., que puido devolver a Som Energia parte do financiamento recibido.

Presumiblemente este modelo de financiamento poderase aplicar para futuras plantas e incluso para as xa existentes, como en Asomada Solar, sempre vixiando os custos financeiros. Así, Som Energia podería distribuír a súa capacidade financeira entre un número maior de plantas, sempre co obxectivo de cubrir con produción propia a meirande parte posible da enerxía comercializada.

- e) En breve, a oferta actual de tarifas e prezos fixos complementarase cunha **tarifa variable, indexada** ao prezo do mercado diario. Será adecuada para todas aquelas persoas con capacidade para xestionar a súa demanda, desprazando o uso de electricidade ás horas do día máis baratas. Pode ser unha oportunidade para atraer novos contratos á cooperativa: uns oito millóns están na tarifa regulada PVPC, pero sen dereito a bono social. Ademais, contribúe á redución do abastecemento de enerxía mediante contratos de futuros e os seus custos, reducindo a incerteza da marxe da cooperativa.
- f) Som Energia ten case 8.000 **contratos en autoconsumo** individual e colectivo, dos cales 5.000 froito das compras colectivas de instalacións fotovoltaicas impulsadas pola cooperativa. Só en 2022 instaláronse máis de 1.000. Esta é unha fortaleza da nosa cooperativa e do activismo das persoas socias.

Nos contratos acollidos a compensación simplificada de excedentes aplicouse a normativa, de tal xeito que o valor económico mensual dos excedentes non puido ser superior ao valor económico da enerxía utilizada da rede. Porén, vemos que se está traballando nunha nova operativa para que, en adiante, se atendan tamén os excedentes non compensados. E con efectos 01-01-2022. Para iso aprovisionáronse 400.000 €, con cargo ao resultado de 2022.

En calquera caso, está pendente o debate sobre que criterios debe utilizar Som Energia para fixar os prezos de compensación de excedentes.

Os excedentes non compensados representan un menor custo de aprovisionamento para a cooperativa, aínda que o seu impacto visual sexa baixo. Crecerá co impulso e promoción do autoconsumo, tanto en vivendas unifamiliares como en bloques de pisos.

¹⁰ Project finance = Financiación de grandes proxectos de infraestruturas ou enerxía cuxo investimento inicial é especialmente custosos e o seu período de rendibilización moi longo. Garántese o pagamento da débeda cuns ingresos moi predecibles e coa propia infraestrutura como garantía.

- g) Durante 2022 o equipo técnico desenvolveu ferramentas tecnolóxicas por valor de 293.061 euros, subvencionadas polo proxecto *Singulares* da Generalitat de Catalunya, para acompañar e axudar ao desenvolvemento das **comunidades enerxéticas**. Agardamos que se atope un modelo de negocio que encaixe cos obxectivos sociais e coa sostibilidade económica da cooperativa.

8. Orzamento 2023

Propónse á Asemblea o orzamento para o 2023, que se elaborou a finais do 2022. Entendemos que se fixo cos datos que estaban dispoñibles naquel momento e coa mellor estimación posible.

Para anos sucesivos, insistimos en que nos parece interesante estudar a posibilidade de presentalo incorporando os datos reais do primeiro trimestre do ano en curso (incluíndo os contratos de futuros pechados) e a estimación para o resto do ano.

Concepto	2023	Peche 2022
kWh Comercializados	377.962.428	373.044.000
Ingresos Netos	141.721.684	133.954.940
Gastos de Abastecemento	-132.748.419	-117.943.588
MARXE DE COMERCIALIZACIÓN	8.973.266	16.011.352
Outros Ingresos de Explotación	490.870	563.075
Gastos Salariais	-6.267.858	-4.572.465
Gastos de Explotación	-2.774.039	-2.130.444
Tributos	-26.500	-43.089
Provisións	-250.000	-336.131
Outros Resultados	1.255.088	1.029.304
Custos Netos Actividade	-7.572.439	-5.489.749
EBITDA	1.400.827	10.521.603
Dotación Fondo de educación	216.207	-646.096
Amortizacións	-126.000	-67.885
Resultado Financeiro	-223.363	-679.191
Outros Gastos e Financeiros	-133.156	-1.393.173
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	1.267.671	9.128.430
Imposto de Sociedades	-265.266	-1.807.995
RESULTADO DO EXERCICIO	1.002.405	7.320.435

- a) A **marxe de comercialización** orzamentada axústase moito máis (un 6,3 %) que o obtido en 2022 (12 %).
- b) Os **gastos de estrutura** volven subir nun 35 %. Aínda que obedece a unha aposta decidida por novos proxectos, de xeración e outros, debe vixiarse que a medio prazo se obteñan os correspondentes ingresos que permitan soste estes gastos estruturais adicionais.
- c) O orzamento está construído para acadar un EBITDA do 1 % sobre vendas, dentro do intervalo aprobado pola Asemblea.

Por último, felicitamos ao equipo económico porque, a falta da ferramenta máis operativa, comezou a implantar nestes orzamentos unha contabilidade analítica¹¹. Unha vez integrada, permitirá unha perspectiva financeira máis completa e tomar mellores decisións para cada unha das actividades da cooperativa.

¹¹ A contabilidade analítica distribúe gastos, ingresos e resultados separados de cada liña de actividade.